

**INSTRUCCIÓN DO 1 DE OUTUBRO DE 2015 POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2015, RELATIVO ÁS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA: PROGRAMA DE CONSOLIDACIÓN (CONVOCATORIAS 2012, 2013, 2014 E 2015) E PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIGADORES EMERXENTES (CONVOCATORIAS 2012, 2013, 2014 E 2015)**

En virtude do artigo 74 dos Estatutos da Universidade de Vigo, polo que se lle atribúe ao xerente a competencia na xestión dos servizos económicos e administrativos da universidade, establécense as seguintes instrucións:

**1.-No relativo aos programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS") -. Convocatorias 2012, 2013 e 2014, e de axudas a investigadores emerxentes ("EMER")-. Convocatorias 2012, 2013 e 2014.-**

**Punto 1:** Que a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 30 de novembro de 2015.

**Punto 2:** Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2014 ata o 30 de novembro de 2015.

**Punto 3:** Que a data límite para que as empresas presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 10 de novembro de 2015. Para garantir este prazo, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

- Data límite para SOLICITAR un pedido: 30 de outubro.
- Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 4 de novembro.
- Data límite para a RECEPCION-CONFORMACIÓN\* do pedido: 10 de novembro.
- Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 16 de novembro.

\*Para a recepción-conformación do pedido a mercancía ou servizo deben estar entregados correctamente. Non se poderá conformar un pedido non entregado de acordo co solicitado.


En tódolos pedidos debe especificarse dentro do campo de Observacións para o provedor a seguinte cláusula: "Este pedido está financiado por un proxecto de investigación, polo que debe ser entregado e facturado electrónicamente antes do 10 de novembro do 2015. En caso contrario a Universidade non se fará cargo da factura correspondente".

Para a entrega das axudas de custo e locomoción e os tickets a data de entrada dos documentos nos Asuntos Económicos será o 4 de novembro.

**Punto 4:** Que a aplicación contable Xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 13 de novembro.

**Punto 5:** Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 17 de novembro de 2015 ata as 14:00 h, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

**Punto 6:** Que para proceder á correcta certificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do 31 de outubro de 2015. Toda contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo.



## 2.-No relativo ao programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS").- Convocatoria 2015.-

**Punto 1:** Que segundo a Orde pola que se convocan as axudas para o ano 2015, a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 30 de novembro de 2015.

**Punto 2:** Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2014 ata o 30 de novembro de 2015 para a convocatoria de programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas ("CONS").

**Punto 3:** Que a data límite para que as empresas presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 10 de novembro de 2015. Para garantir este prazo, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

-Data límite para SOLICITAR un pedido: 30 de outubro.

-Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 4 de novembro.

-Data límite para a RECEPCION-CONFORMACIÓN\* do pedido: 10 de novembro.

-Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 16 de novembro.

\*Para a recepción-conformación do pedido a mercancía ou servizo deben estar entregados correctamente. Non se poderá conformar un pedido non entregado de acordo co solicitado.

En tódolos pedidos debe especificarse dentro do campo de Observacións para o provedor a seguinte cláusula: "Este pedido está financiado por un proxecto de investigación, polo que debe ser entregado e facturado electrónicamente antes do 10 de novembro do 2015. En caso contrario a Universidade non se fará cargo da factura correspondente".

Para a entrega das axudas de custo e locomoción e os tickets a data de entrada dos documentos nos Asuntos Económicos será o 4 de novembro.

**Punto 4:** Que a aplicación contable Xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 13 de novembro.

**Punto 5:** Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 17 de novembro de 2015 ata as 14:00 h, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

**Punto 6:** Que para proceder á correcta xustificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do 31 de outubro de 2015. Toda a contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo.



O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

*SRA. Vicerreitora de Investigación e Transferencia*

*Sr. Vicerente de Recursos Humanos*

*Srs./Sras. Xefes de Servizo*

*Srs./Sras. Administradores/as de centros (Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)*

*Sra. Xefa da Sección de Tesourería*

*Sra. Xefa da Sección de Proxectos de Investigación*

*Srs./Sras. Responsables de Asuntos Económicos dos Centros (Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)*

*Srs./Sras. Investigadores responsables dos Proxectos*